

BAILADELA DA MORTE DITOSA

PREMIO ABRENTE 1980

AUTOR: ROBERTO VIDAL BOLAÑO
ACTORES: LUMA GOMEZ, BERNALDO CORRAL,
MIGUEL INSUA, LAURA PONTE SANTASMARINAS,
ROBERTO VIDAL BOLAÑO
DIRECCION: EDUARDO ALONSO

TEATRO DO ESTARIBEL

COOPERATIVA TEATRAL GALEGA

ANDROMENA - ANTROIDO



TEATRO DO ESTARIBEL

Cooperativa Teatral Galega

Santiago de Chile, 5 - 8.º A

Teléfonos 59 36 41 e 58 24 61

SANTIAGO DE COMPOSTELA
(Coruña)



CAIXA DE AFORROS DE GALICIA

BILADELA DA MORTE DITOSA, é un espectáculo feito conxuntamente polos grupos profesionais **ANDROMENA** e **ANTROIDO** da **COOPERATIVA «TEATRO DO ESTARIBEL»**. Foi estrenado o día 23 de Xunio do 1980, en Santiago de Compostela, no Auditorio de Santo Domingo (Museo do Pobo Galego).

TEXTO E DRAMATURXIA

Roberto Vidal Bolaño

ACTORES

Bernaldo Corral
Luma Gómez
Miguel Insua
Laura Ponte Santasmarinas
Roberto Vidal Bolaño

EQUIPO TECNICO

ESPACIO ESCENICO: Roberto Vidal Bolaño. **ESCENOGRAFIA:** Luma Gómez e Roberto Vidal Bolaño. **ILUMINACION:** Eduardo Alonso. **DISEÑO TECNICO E REALIZACION DA ESCENOGRAFIA O ATREZZO E AS CARAUTAS:** Talleres de Teatro do Estaribel. **VESTUARIO:** Laura Ponte Santasmarinas. **REALIZACION VESTUARIO:** Cloti Vaello. **MONTAXE MUSICAL:** Bernaldo Corral. **MUSICA:** Popular. **OBERTURA MUSICAL:** Grupo Universitario de Cámara de Santiago de Compostela. **FOTOGRAFIAS E DISEÑO GRAFICO:** Xurxo Fernández. **PRODUCCION:** Teatro do Estaribel.

DIRECCION

Eduado Alonso

O NOSO AGRADECIMENTO

POLA SUA COLABORACION A:

Xosé Lois González González, A Nosa Terra, Museo do Pobo Galego, Grupo de Teatro Tagallo, Cooperativa Teatral Troula, Emilio R. Parejo, Angel de la Peña, Galín, Benedicto, Alfonso Calo (pirotécnico), Xesús Campos, Aurelio Ponte, Marina Santasmarinas e Luz Fandiño.

BILADELA DA MORTE DITOSA, quér ser un intento de aproximación ao problema do suicidio como o fenómeno universal que é, dende a súa peculiar presenza entre nós e sen outro obxectivo que non sexa o de tentar dar resposta a propia perplexidade diante dun fenómeno de tan fonda raigame no noso comportamento colectivo.

E un texto artellado a partires de varias pezas cortas ligadas entre si temática e formalmente. Ao longo dunha noite de morte van chegando a unha encrucillada de camiños diferentes personaxes, xunguidas entre si polo común anxeio de facer da morte voluntaria un derradeiro e irreprimible exercicio de liberdade. Son sete historias, sete bailaretadas de morte que os oficiantes danzan tencionando descubrir e descubrirmos cecais, onde escomenza esa afirmación de liberdade que posiblemente todo suicidio supoña e onde remata o exercicio de represión desa mesma liberdade que tras de cada suicidio se topa.

As lérias, parrafeos ou diálogos constituen a estrutura dramática fundamental de cada unha delas, non só pola necesaria economía de medios, senón coma un xeito máis de ir cara o achádego dunha posible poética teatral galega dende formas tiradas da súa cultura popular.

A proposta de espectáculo elaborouse a partires dunha idea de Roberto Vidal Bolaño, traducida en texto dramático por el mesmo e axeitada ás posibilidades reais do colectivo de traballo que tencionaría facer a montaxe.

Tratouse máis que de ningunha outra cousa, de afondar nas nosas dúbidas, de escarabellar no que de suicida en potencia hai, pode e debe haber en cada quen para, dende alí, dende a escuridade témera e leda a un tempo da incertidume, ver de artellar un discurso dramático que indagara no celme mesmo dunha realidade cotidian, desacougantemente viva entre nós.

Posiblemente este sexa o proxecto máis ambicioso afrontado ao longo da súa traxectoria como teatreiros por quenes ao cabo decidimos facelo realidade como espectáculo.

Falar do suicidio aquí e agora, facelo dende as limitacións que o medio teatral sofre entre nós, e a partires de plantexamentos que recollan as enormes contradicións entre as que o fenómeno se debate, precisaba por forza dunha conxunción de elementos que rachase no posible con esas limitacións e permitise a realización dun traballo teatral responsable e digno, na medida na que eso é posible hoxe en día en Galicia. O arrexuntamento de medios materiais, económicos e humanos que a realización conxunta desta montaxe supón, tende xustamente a eso.

O proceso de síntesis que determinou a realidade última do espectáculo, está informado por todas estas cuestións, i especialmente por aquelas que falan do rachamento de non poucas limitacións en aspectos como o da interpretación, a escenografía, o espacio escénico, a iluminación, etc...

Na traducción escénica da «Bailadela...», preocupáronnos de maneira especial dous aspectos presentes xa no texto, nos que coidamos que era importante profundar. O que tiña de proposta cara unha poética do suicidio e da morte posibles, e as particulares interrelacións dunhas personaxes en conflito, con elas mesmas, cas outras e co seu entorno. Dunha banda quixemos que na súa traducción á lingoaxe teatral non somentes se mantivera ese fado poético que en todo momento emana do texto, senón que saíra potenciado. E da outra tentar un profundamento nas relacións conflictivas das personaxes que lonxe de simplificalas, permitise unha complexización arriquecedora.

A resposta a estas cuestións buscouse non somentes nun plantexamento da interpretación e da posta en escea que tivera na organizidade e na semántica das imaxes aos seus mellores aliados, senón tamén no espacio escénico, na escenografía, na iluminación e en xeneral en toda a dramaturxia plástica.

Ao situar espacialmente a Bailadela... quixemos ir cara un total e absoluto desvencellamento das convencións do escenario á italiana, propoñendo un es-

pacio que permitira ángulos de relación sensorial e visual, radicalmente diferenciados asegún cal fora a posición ocupada polo espectador.

O afondamento na relación entre: esixencias narrativas, posibilidades formais e de posta en escea, e simboloxía máxico-relixiosa, determinaron que ao cabo o espacio fixado fora o dun cruce de tres camiños, metade figa e metade falo, que penetraba entremedias do público e sobre o que se erguía senlleira e fachenosamente a presenza rexa, recta, vertical, cristianizante dun cruceiro. Limitando o espacio tras do cruceiro e copresidindo dende a súa xeometría circular e pagana o ritual de morte que seu influxo propiciaba, a lua. E entrambos, a arbre, a terra, retorta, indisciplinada sempre diante de calquer rixidez formal ou espacial non xurdida da natureza mesma, coas suas raigañas aínda na terra a pesares da sequeidade murcha dun tronco e unha polas fartas de vellez.

Xa que logo, o espacio rematou materializándose nunha conxunción de formas e volumes de marcado carácter mítico e sinxela interpretación simbólica, que ademáis de dar resposta satisfactoria ás nosas arelas anovadoras, supoña —ao noso entender— unha valiosa contribución ao desentrañamento de algúns aspectos esenciais do texto non explicitados en toda a súa complexidade polos demais elementos do espectáculo.

Quixemos que a escenografía ademáis das connotacións simbólicas e narrativas, contribuíra á creación dun certo distanzamento. As formas manterían un vencellamento nido con aquelas outras da realidade non teatral da que eran tiradas (o cruceiro, a arbre, a terra, a lua) rachadas na súa materialización escenográfica polo emprego de materiais non coincidentes cos que nesa realidade os caracterizan. A condición mineral dos máis deles, apúxoselle unha materialización vexetal.

As solucións técnicas adoptadas prao deseño e construción de cada un dos elementos, permitíronnos dispoñer dun espacio autónomo, con posibilidades de seres instalado tanto en locais con butacas fixas, como en locais abertos, dentro dunhos marxes aceptables en canto a dimensións, volume, peso e facilidade de montaxe, dando resposta axeitada ás nosas necesidades tanto creativas, como infraestructurais.

TEATRO DO ESTARIBEL Cooperativa Teatral Galega, está composta polas compañías profesionais ANDROMENA e ANTROIDO, ambas dúas de Santiago de Compostela.

A asunción conxunta desta montaxe, inscríbese dentro dun proceso tendente á total integración de ambas dúas compañías, nunha soa.

ESPECTACULOS:

- AMOR E CRIMES DE XAN O PANTEIRA, de Eduardo Blanco Amor. Estrenado en Santiago o 12-3-75. Representacións: 36. Número aprox. de espectadores: 8.000.
- AS FALCATRUAS DO MARQUES PATACON, de Euloxio R. Ruibal. Estrenado en Santiago o 12-5-76. Representacións: 26. Número aprox. de espectadores: 6.000.
- ANTROIDO NA RUA I. Creación colectiva. Estrenado o 6-2-78. Representacións: 5 (espectáculo de rua presentado en Santiago co gallo da celebración das festas do Antroido).
- LAUDAMUCO SEÑOR DE NINGURES, de Roberto Vidal Bolaño. Estrenado en Santiago o 16-5-78. Representacións: 82. Número aprox. de espectadores: 16.000.
- MEMORIA DE MORTOS E DE AUSENTES, de Roberto Vidal Bolaño. Estrenado en Santiago o 29-5-78. Representacións: 3. Número aprox. de espectadores: 600. (En colaboración co OBRADOIRO DE APRENDIZAXE TEATRAL ANTROIDO).
- ANTROIDO NA RUA II. Creación colectiva. Estrenado e representado en Santiago e no Grove, durante as festas do Antroido do 1979. (En colaboración co grupo OBRADOIRO e co grupo O TOXO).
- XAXARA, PANIOGAS, PEITUDA O RAPAZ E O CACHAMON, de Roberto Vidal Bolaño. Estrenado na Coruña o 26-4-79. Representacións: 61. Número aprox. de espectadores: 18.000.
- LENTA RAIGAME, de Francisco Taxes. Estrenada en Ribadavia o 29-6-79. Representacións: 47. Número aprox. de espectadores: 11.000.
- BAILADELA DA MORTE DITOSA, de Roberto Vidal Bolaño. Estrenado en Santiago o 23-6-80. Representacións: Número aprox. de espectadores:

TEÑEN PARTICIPADO NOS FESTIVAIS E ENCONTROS SEGUINTE:

- III, IV, VI, VII e VIII MOSTRAS DO TEATRO GALEGO «ABRENTE» de Ribadavia.
- I, IV e V MOSTRAS DO TEATRO GALEGO DE VIGO.

- I MOSTRA DO TEATRO POPULAR GALEGO DE VIGO.
- I MOSTRA DO TEATRO GALEGO NOS BARRIOS (Coruña).
- I MOSTRA DE TEATRO GALEGO DE LUGO.
- VII CICLE INTERNACIONAL DE TEATRE DE GRANOLLERS.
- CULTURAL FERIA DE PUERTORREAL (Cádiz).
- I ENCONTRO DE TEATRO DAS NACIONALIDADES DE ALICANTE. (Como ponentes nas Xornadas de traballo).
- I JORNADES TEATRAIS «ELCHE 1979». (Como ponentes nas Xornadas de traballo).
- I JORNADAS DE TEATRO DE LAS NACIONALIDADES DE LA UNIVERSIDAD DE SORRICO (Bilbao). (Como ponentes).

FORA DE GALICIA TEÑEN REPRESENTADO EN:

GRANOLLERS (Barcelona)
 PUERTORREAL (Cádiz)
 CADIZ
 PUERTO DE SANTA MARIA
 JEREZ

EN GALICIA TEÑEN REPRESENTADO EN:

CORUÑA: Coruña, Santiago, Ferrol, Padrón, Noia, Urdilde, Negreira, Bens, Luaña, Lestedo, Porto do Son, Taragoña, Castiñeiriño, Vista Alegre, San Pedro de Visma, Póboa do Caramiñal, Cariño, Corcubión, Conxo, Vimianzo, Os Maios, Santa Comba, Camariñas, Ponte do Porto, Laxe, Baio, Santa Marta de Ortigueira, Carballo, Laraxe, Perlío, Mugardos, Pedroso, San Saturnino, Maniños, Sada, Melide, Cabo de Cruz, Cedeira, Palmeira, Santa Eugenia de Riveira, Pontevea, Muxía, Valdoviño, Ares, Cée, Caranza, Mariñamansa, Ponte-deume, Arzúa.

LUGO: Lugo, Viveiro, Guitiriz, A Milagrosa, Mondoñedo, Villalba, Foz, Burela, Quiroga, Lorenzana, Ribadeo.

PONTEVEDRA: Pontevedra, Vigo, Marín, Vilaxán, Salvaterra do Miño, Moaña, Budiño, Arantei, A Estrada, Salceda de Caselas, Canido, Lalín, Pontearreas, Cangas, San Xulián de Sales, Cambados, Bayón, Porriño, Fornelos, Silleda, Vilaboa, San Adrián de Cobres, Santa Cristina de Cobres, Coruxo, Paredes, Dena, O Seixo, Romai, Chapela, San Paio de Navia, Trabanca-Sardiñeira, Sanxenxo, Lira, O Grove, Valladares, Illa de Arousa, Catoira.

OURENSE: Ourense, Irixo, Maceda, Ribadavia, Verín, O Carballiño, Póboa de Trives, Xinzo de Limia.

...Ao longo de sete sckechs confórmase un espectáculo no que a escenografía, a luz, a interpretación e a música, sumerxen ao espectador nun proceso de éxtasis participativa do que acontece nun espacio, o escenario especial concebido, que se introduce nas butacas para que a comunicación se faga directa, arrolladora, e tremendamente suxestiva. E un traballo feito con dignidade, con esforzo, con superación. Pero sobre todo é un traballo decididamente profesional, que logra unhas cotas de calidade e grandeza realmente asombrosas.

XOSE M. RABON

(La Voz de Galicia, 20 - 8 - 1980)

...Sen retoricismos nin panexíricos, coido que é xusto concluir sulñando o interés que para o teatro galego ten esta Bailadela da Morte Ditosa que, sen lugar a dúbidas, debe situarse entre os millores espectáculos producidos en Galicia durante os tres últimos anos.

M. G. S.

(Pipirijaina n.º 15 - Xulio-Agosto, 1980)

...Un dos espectáculos teatrais de maior madurez que hastra agora se teñen producido en Galicia.

(El Ideal Gallego, 23 - 7 - 1980)

O tratamento máis insólito correspondía o xa mencionado espectáculo «Bailadela...» que é algo así como unha celebración festiva da morte ao longo duns pasos escritos como pasaxes significativos dunha realidade ben coñecida para os galegos, o altísimo número de suicidios que se rexistran sobre o seu chan. Espectáculo hermosísimo, plásticamente coidado con esmero, con momentos poéticos de gran densidade e con algunha interpretación deslumbrante... foi sen dúbida o espectáculo máis importante da Mostra de Ribadavia.

MOISES PEREZ COTERILLO

(La Calle, 7 - 13 Octubre 1980)

...Ese suicidio que en Galicia ten reincidente e singular carta de presentación vai topar na obra co mundo da «Danza Medieval» coa referencia folkrórica, nun espectáculo plásticamente moi suxerente, poético, trágico e grotesco, as veces... A obra foi montada dun xeito moi engaiolante, concebindo o escenario dun xeito aberto e frontal sulagado no público... Un espectáculo, en fin, dos máis interesantes do teatro galego dos últimos anos.

OVELLON

(La Voz de Galicia, 15 - 11 - 1980)

- O espacio escénico reproduz unha encrucillada de camiños. E un estrado en forma de Y que nós mesmos levamos.

As suas especiais características en canto a diseño e construción permiten:

- a) Que non faga falla escenario.
- b) Que poida seres montado entremedias do público.
- c) Tanto en locais con butacas fixas como en locais carentes de toda infraestrutura teatral(1).

- Para un perfecto desenrolo do espectáculo faise perciso:

- a) Que o local teña como mínimo as seguintes dimensións:

Altura: 3,5 m.

Ancho: 8 m.

Longo: 8 m.

- b) Que dispoña dunha toma de corrente eléctrica a 220 V. e como mínimo dunha potencia de 4.000 W.
- c) Que permita unha escuridade total. (No suposto de que esto non fora posible por tratarse de funcións ó aire libre, ou de locais con grandes fontes de luz exterior, a representación deberá celebrarse pola noite).
- d) Que se poida dispoñer de él polo menos dende 6 horas antes da prevista prao escomenzo da representación, tempo estimado de montaxe, de cada un dos elementos percisos. (Escenografía, luces, son, etc.).

- DURACION APROXIMADA:

2 horas (cun descanso de 5 minutos).

- CLASIFICACION:

Autorizada exclusivamente para maiores de 18 anos.

(1) Se o respaldo das butacas superara os 80 cm. de altura teriamos que sabelo con tempo para artellar a solución axeitada según cada caso.



